

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA ESTABILIZACIÓN EMPREGO TEMPORAL. NOMEAMENTO DOS TRIBUNAIS E DATA PARA A SÚA CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DA VALORACIÓN DOS MÉRITOS

EXPEDIENTE:2022/G003/000467

ANTECEDENTES:

Con data 26 de maio de 2022 publícanse no Boletín Oficial da Provincia as bases xerais que rexerán os procesos selectivos convocados polo concello de Aranga para cubrir as prazas de estabilización de emprego temporal , incluídas na OEP de 2020.

Con data 12/8/22 publícanse as bases específicas que rexen cada un dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral fixo incluídas na OEP de 2020 para a estabilización de emprego temporal no concello de Aranga.

Con data 16 /11/2022 publícase a lista definitiva de admitidos e excluídos nos procesos selectivos.

De conformidade co establecido na base oitava das bases xerais ,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Proceder á desinación dos membros dos tribunais cualificadores das probas dos procesos selectivos convocados para a estabilización de emprego temporal , quedando integrados todos eles, polos seguintes membros:

TITULARES:

-PRESIDENTE: Rosa Novoa Paseiro, secretaria- interventora do concello de Vilarmaior.

-SECRETARIO: Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga, secretaria – interventora do concello de Aranga.

-VOGAIS: - Baldomero Beceiro Alonso, secretario- interventor do concello de Monfero.


- Antonio Gómez Iglesias Casal, secretario – interventor do concello de Coirós

- Jorge Eduardo Rodriguez Fernández, secretario – interventor do concello de Paderne.

SUPLENTE:

- Do Presidente: - Jose Carmelo Sánchez Presedo, secretario- interventor do Concello de Oza-Cesuras.

- Dos Vogais: - Ramiro Cal López, técnico do concello de Irixoa.



CONCELLO DE ARANGA

exp. 2022/G003/000467

Segundo: Quedan citados os membros do tribunal para o vindeiro **luns, vinte e oito de novembro, as nove e trinta horas** na sala de sesións da Casa do concello de Aranga, a efectos da súa constitución e comenzo dos procesos selectivos.

Será o tribunal o que fixe o calendario de constitución dos diferentes procesos selectivos .Os seus compoñentes axustarán as súas actuacións ao disposto na lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público e ás bases xerais e específicas reguladoras de cada convocatoria.

Terceiro: A publicación da presente resolución no taboleiro de edictos da casa do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica da páxina web do concello de Aranga , ten , a todos os efectos, o carácter de notificación aos aspirantes, que poderán recusar os membros do tribunal de conformidade co previsto no artigo 24 da lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público .

En Aranga, luns 21 de novembro de 2022

O Alcalde/Presidente

Alberto Platas Álvarez